


Libro, ou mellor,  
libriño divertido  
para saber máis  
do Parlamento galego  
do que se sabía antes de lelo





**L**ibro divertido para os nenos e nenas (e tamén para os que xa non o son tanto) que veñen de excursión visitar o Parlamento de Galicia e que nunca estiveron nel nin en ningún outro Parlamento e que, polo tanto, se cadra, non saben que é o que fan as señoras e os señores deputados, aínda que o que fan debe ser moi importante porque saen acotío na televisión e na radio e nos periódicos; e mais para as nenas e nenos (que, se cadra, son os mesmos) que quedan un chisco impresionados ó veren un edificio tan grande, meirande que o da súa escola ou o do instituto no que estudan, e que ten tantos corredores, e tantas oficinas, e tantos papeis e tantas cousas que, por forza, debe traballarse arreo nel; e tamén para os nenos e nenas (que, por certo, non teñen por que ser distintos de todos os previamente mencionados) que tampouco saben como se aproban as leis de Galicia, nin quen vixía polo que fai o Goberno galego (que se chama Xunta de Galicia), nin quen fai outra morea de cousas máis, que a ver quen llas explica a toda a rapazada, porque, xa se sabe, os rapaces teñen máis interese polo que lles toca de preto que polo que semella tocarlles moi de lonxe, aínda que este libro explicará que o que fai o Parlamento é moi importante para todos e, xa que logo, poderíamos dicir que este libro debера chamarse en realidade

**LIBRO, OU MELLOR,  
LIBRIÑO DIVERTIDO  
PARA SABER MÁIS DO  
PARLAMENTO GALEGO  
DO QUE SE SABÍA  
ANTES DE LELO**

**Texto e idea orixinal**

Roberto L. Blanco Valdés

**Ilustracións**

Pinto & Chinto

**Deseño e maquetación**

Mabel Rodríguez Gómez

**ISBN:** 978-84-7836-098-7

**Depósito legal:** C 1611-2011

**Impresión:** Grafisant, S.L.

© Parlamento de Galicia





## COÑECER O PARLAMENTO DESDE A ESCOLA

**D**esde o mesmo momento no que os meus compañeiros me confiaron a honra de presidir o Parlamento de Galicia, fixeime como obxectivo abrir as súas portas á sociedade e converter esta institución na casa de todas as galegas e os galegos.

Son consciente de que acadar este obxectivo require dun importante esforzo divulgador, que debe comezar polos máis novos, polos que rexerán o día de mañá o destino da nosa Comunidade.

Non debemos esquecer que o Parlamento de Galicia, que representa ao conxunto da cidadanía, é un dos garantes máis cualificados da nosa autonomía e que as funcións que desempeña, tanto a lexislativa coma a de control da Xunta de Galicia, son fundamentais no desenvolvemento da nosa vida política.

O que pretendemos con este libriño, pensado para os escolares que nos visitan, é achegar dunha maneira sinxela e divertida que é e como funciona o Parlamento, pero sobre todo conciencialos da transcendencia e relevancia do seu papel no xogo de equilibrio entre poderes da nosa sociedade democrática.

Son da opinión de que así como nos esforzamos en mellorar as destrezas dos rapaces en áreas como os idiomas ou as tecnoloxías da información, por poñer algúns exemplos, cómpre avanzar tamén na alfabetización institucional. Un mellor coñecemento da estrutura e do funcionamento do noso sistema autonómico e das diferentes institucións que o integran –como intentamos, neste caso, desde o Parlamento de Galicia– son, estou convencida, claves para construír unha sociedade máis madura e participativa. Unha sociedade, en suma, que faga do respecto e da concordia os elementos inspiradores do seu día a día.

**Pilar Rojo Noguera**

Presidenta do Parlamento de Galicia

## UN LIBRIÑO PARA COMPARTIR

**F**alar de leis e institucións, incluso cando se fai coa vontade de chegar a todo o mundo, resulta unha tarefa algo máis complexa do que nun primeiro momento puidese semellar. É verdade que as normas e as institucións das que trata este libriño son, despois de tantos anos de democracia e autonomía, cousas cotiás, que forman parte da paisaxe informativa e formativa de calquera cidadán, e incluso dos que están preparándose para selo no futuro. Pero é verdade, tamén, que a complexidade do mundo actual e a inflación de noticias que entran e saen a diario das redaccións de televisións, radios e periódicos, fai difícil comprender en moitas ocasións como son e como funcionan as nosas institucións políticas. Esta é a razón pola que a obra que o lector ten agora nas súas mans se concibiu como un material didáctico, para que traballen con el, man a man, os estudantes e os seus profes.

A algúns dos rapaces e rapazas aos que, tras cruzaren as portas do noso Parlamento, se lles entregue un exemplar desta obra, que a mantenta quixemos clara e divertida –obxectivo imposible sen o maravilloso traballo gráfico dos insuperables Pinto & Chinto–, quizais teñan logo por motivos diferentes (polos seus futuros estudos, pola súa profesión, pola súa dedicación ocasional na idade adulta ou, en fin, polas súas afeccións) a posibilidade de volveren, xa con máis vagar, sobre todo o que se conta nestas páxinas. Abofé que os que formen este grupo serán os menos, pois a maior parte quizais non volva nunca termar dun libro que trate sobre o mesmo que este trata. O seus autores esperamos, xa que logo, que coa axuda dos profesores e das familias (pais, avós ou irmáns maiores), os lectores atopen aquí o que precisan para coñecer non só a anatomía e a fisioloxía das institucións autonómicas galegas, senón tamén para tomar conciencia da súa extraordinaria importancia no seu futuro ou, o que vén ser o mesmo, no futuro do país.

**Roberto L. Blanco Valdés**

Catedrático de Dereito Constitucional  
Universidade de Santiago de Compostela

# Índice

- 1 En realidade, todo comezou coa Constitución ..... 7
- 2 E un Estatuto de Autonomía: Qué é? Qué contén? Para qué serve? ..... 15
- 3 Falemos agora da Xunta de Galicia ..... 23
- 4 O Parlamento galego, garantía da autonomía e voz do pobo ..... 31
- 5 Radiografía da nosa Cámara autonómica ..... 39
- 6 A máquina legislativa do Parlamento de Galicia ..... 47
- 7 O Parlamento galego e o control democrático da Xunta de Galicia ..... 55
- 8 Para rematar: a democracia a autonomía a cidadanía ..... 63







12345678

En realidade,  
todo comezou  
coa Constitución






Sabedes o que son as matrioscas? Si, tedes razón: trátase desas bonequiñas rusas que se abren polo cinto e van sacándose unhas das outras, de tal xeito que cando un pensa que ten unha boneca, vai e resulta que ten dúas, e cando un cre que ten dúas pois a cousa é que ten tres... e así ata a máis agochada no bandullo das compañeiras, que vén ser sempre, por suposto, a máis pequecha. Pois ben, coñecer o Parlamento no que estades –o Parlamento de Galicia– supón facer o que coas matrioscas, pero só que do revés: para comezar a explicación precísase falar previamente do Estatuto de Autonomía para Galicia, que foi quen creou o noso Parlamento autonómico; e para falar da natureza e do contido Estatuto, temos que facelo antes por forza da Constitución española de 1978, lei de leis da que procede non só o galego senón todos os Estatutos de Autonomía que existen en España.



**A** Constitución –non soamente a nosa, senón tamén calquera outra das que existen nas sociedades democráticas– vén ser como o código da circulación da vida política dunha comunidade. O código da circulación dispón, como sabedes, o que podemos facer e non facer para andarmos con seguridade nas estradas e nas rúas, e fixa unha serie de sinais que debemos respectar para que todos (bicis, motos, autos e peóns) poidamos convivir sen accidentes. As Constitucións son os códigos da circulación política porque, do mesmo xeito que aqueloutros, fixan as normas que todos os habitantes dun país debemos respectar para vivirmos segura e pacificamente en sociedade, de xeito que se faga realidade o principio esencial dun Estado democrático: que a soberanía –é dicir, o máximo poder público– reside no conxunto dos cidadáns, que o exercen consonte as regras e os principios que fixan a propia Constitución e as leis que a desenvolven.



1

En realidade,  
todo comezou  
coa Constitución




Tales regras e principios foron, como podedes supoñer, variando ó longo do tempo, desde que, a remates do século XVIII e comezos do XIX, se aprobaron nos Estados Unidos e en diferentes países europeos –entre eles, España– as primeiras Constitucións da historia occidental. Mais,


aínda contando con esas variacións, a verdade é que todas as Constitucións que existiron na historia estableceron normas declarando os dereitos e liberdades dos cidadáns e separando os poderes do Estado. De feito, e por máis que o contido específico desas normas mudase lóxicamente dependendo das épocas históricas, as referidas ós dereitos e á separación de poderes salientaron sobre todas as demais por un motivo ben doado de explicar: porque soamente a través delas é posible acadar o verdadeiro obxectivo das Constitucións: garantir a liberdade.



**O**s dereitos son o corazón mesmo dunha sociedade constitucional e democrática. Si, o verdadeiro corazón, porque sen eles e sen a súa efectiva protección é imposible que latexe a democracia: tal como o corazón, que bombea o sangue ó noso corpo e que fai que todo el poida funcionar, os dereitos e liberdades confórmanse como o motor que permite que persoas con diferentes intereses, necesidades e modos de pensar poidan convivir pacificamente en común, ou, o que é o mesmo, en sociedade. A nosa Constitución de 1978 di dos dereitos, con razón, que son o fundamento da orde política e da paz social. Ou é que poderíamos vivir libremente sen o dereito a reunirmos e asociarnos, sen as liberdades de pensamento e de expresión, sen o dereito á educación, sen a liberdade de prensa ou o dereito a elixirmos os nosos representantes democráticos?

É precisamente para asegurar a liberdade para o que se instituíu, desde o momento mesmo de nacemento do constitucionalismo, o principio de división dos poderes, pois, tal e como afirmaba un dos grandes políticos norteamericanos de comezos do século XIX (Thomas Jefferson), a concentración de poderes nas mans dunha soa persoa ou grupo de persoas equivale ó despotismo. Xa se sabe: quen ten todo o poder pode facer con el o seu capricho. Por iso, en todos os Estados democráticos o poder está repartido, en primeiro lugar, como o están as pólas dunha árbore: hai un Parlamento que legisla, un goberno que exerce o poder executivo e un poder xudicial que, aplicando as leis, fai xustiza. Pero nalgúns Estados o poder está dividido tamén por territorios, de xeito que neles se distingue entre o poder central e o das diferentes entidades que o conforman, sexa cal sexa o nome que en cada caso se lles dea: son os Estados descentralizados.





O Estado autonómico español, popularmente coñecido como Estado das autonomías, é un exemplo característico deses sistemas descentralizados nos que o poder público se reparte entre administracións diferenciadas que se equilibran entre si. Por unha banda, o Estado central, coas súas institucións: as Cortes Xerais, que aproban leis e vixían que o Goberno non se exceda nas súas facultades; o Goberno, que dirixe a política interior e exterior española; e os xuíces e tribunais, que resolven os conflitos entre os particulares. E, por outra banda, as Comunidades Autónomas, que exercen, ó igual que o Estado central dentro dos seus eidos de competencia, poder lexislativo e poder executivo a través dos Parlamentos e gobernos autonómicos. A finalidade, como podedes imaxinar, é que todas as institucións mencionadas se complementen e coordinen entre si coa finalidade de contribuíren conxuntamente ó benestar dos cidadáns.



# 2

E un Estatuto  
de Autonomía:  
Qué é?  
Qué contén?  
Para qué serve?






## 2 E un Estatuto de Autonomía: Qué é? Qué contén? Para qué serve?

**A**demais das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, existen en España desde hai case que trinta anos dezasete Comunidades Autónomas, Comunidades que dispoñen, sen excepcións, dun Estatuto de Autonomía. E que son Estatutos, preguntarádesvos? Pois os Estatutos son leis especiais, tanto polos seus contidos como polo procedemento a través do cal son aprobados e, de ser o caso, reformados. Poderíamos dicir, para entendernos, que os Estatutos son os fillos territoriais da Constitución, pois foi a Constitución a que, no ano 1978, despois de establecer que ela mesma se fundamentaba na indisoluble unidade na nación española, patria común e indivisible de todos os españois, recoñeceu o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a forman e a solidariedade entre todas elas. En aplicación do previsto na Constitución foron aprobándose os Estatutos, entre eles, no ano 1981, o de Galicia.



**A** Constitución di, e di ben, que os Estatutos son a norma institucional básica das Comunidades Autónomas. Os Estatutos supoñen, deste xeito, en primeiro lugar, a acta de nacemento dunha Comunidade Autónoma, a que establece que aquela se constitúe como tal entidade territorial coa finalidade de exercer un poder político de seu. Cando nacemos as persoas esténdese unha acta de nacemento e, do mesmo xeito, cando as diferentes rexións españolas foron constituíndose como Comunidades Autónomas foron estendendo a súa acta de nacemento mediante a aprobación dun Estatuto. Pero os Estatutos son, ademais, o libro de normas polo que cada Comunidade debe rexerse nas súas relacións co resto de España e cos cidadáns que habitan esa Comunidade. De feito, un Estatuto non fai outra cousa, ó cabo, que fixar as regras de xogo para o funcionamento da autonomía de cada rexión ou nacionalidade española.



## 2

E un Estatuto  
de Autonomía:  
Qué é?  
Qué contén?  
Para qué serve?



O Estatuto de Autonomía para Galicia, que tivo un antecedente frustrado en 1936, cando se aprobou outro (o primeiro da nosa historia, que non chegou a aplicarse como consecuencia da traxedia da Guerra Civil), comeza definindo os elementos conformadores da Comunidade Autónoma galega: o seu territorio, que é o comprendido nas provincias nas que vós vivides, a saber, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; a súa poboación, que está constituída polos cidadáns españois que, segundo o previsto na lexislación estatal, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia; e os seus poderes, que proceden da Constitución, do propio Estatuto e do pobo. Pero o Estatuto engade, ademais, dous principios de grande importancia para a nosa Comunidade: por unha banda, que a lingua propia de Galicia é o galego; pola outra, e complementando o anterior, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e de usalos.



O Estatuto regula tamén as institucións propias de Galicia, pero, como a esa cuestión habemos dedicarlle o próximo capítulo, non falaremos agora dela. Si debemos facelo, no entanto, dos poderes políticos e administrativos que o Estatuto lle atribúe á nosa Comunidade, é dicir, das súas competencias: aqueles eidos nos que as institucións galegas poden actuar. Pois Galicia ten competencias en moitas materias (educación, sanidade, agricultura, pesca, economía, cultura, ordenación do territorio, obras públicas ou transportes, por exemplo), nalgúns casos con carácter exclusivo (pois eses poderes son soamente de Galicia) e noutros compartidas co Estado (pois unha e outro poden actuar). As institucións e as competencias semellan, de feito, como as dúas caras da mesma moeda, dado que a autonomía non sería concibible sen as dúas. Pois, para que querería Galicia ter goberno e Parlamento se un e outro non puidesen legislar e gobernar sobre certas materias? Ou, como podería facerse tal cousa sen institucións nacidas da vontade dos galegos?

## 2 E un Estatuto de Autonomía: Qué é? Qué contén? Para qué serve?

Que é o primeiro que precisa unha familia para poder acometer os gastos necesarios para a vida dos seus membros? Pois, claro é, precisa cartos. Nisto, a nosa Comunidade Autónoma –en realidade, calquera organización territorial– non se distingue dos grupos máis pequenos nos que as sociedades se organizan, que son adoito os grupos familiares. Galicia precisa fondos financeiros para poder manter os seus aparellos políticos e administrativos e para poder facer fronte á execución dos poderes materiais que ten legalmente atribuídos. Por iso o Estatuto establece que a Comunidade Autónoma Galega contará para o desempeño das súas competencias con facenda e patrimonio propios.

E determina, entre outras cousas, como está integrado o patrimonio da Comunidade e que impostos constitúen a facenda autónoma galega.



O Estatuto regula, finalmente, o procedemento legal a través do cal pode levarse a cabo a súa reforma. E é que se o Estatuto se puidese modificar sen ter que cumprir ningún requisito previsto especialmente para o caso, a verdade é que sería unha lei máis, reformable como todas por medio doutra aprobada con posterioridade, co cal a nosa autonomía podería perigar. Para evitalo e garantir os principios da nosa norma institucional básica, o propio Estatuto determina que a súa reforma esixirá que se cumpran tres diferentes condicións: que a proposta de reforma na que se conteñan as modificacións que en cada caso se propoñan sexa aprobada polos dous terzos dos deputados galegos (que é unha maioría moi cualificada), que se aprobe tamén polas Cortes Xerais (que forman o Congreso dos Deputados e o Senado) e que a reforma sexa ratificada polos galegos a través dun referendo, o que vos inclúe a vosoutros cando teñades a idade para votar.






12345678


Falemos agora  
da Xunta de Galicia





O sistema de poderes das Comunidades Autónomas que existen en España é moi semellante ó sistema de poderes do Estado central previsto na nosa Constitución, aínda que cunha gran e moi importante diferenza: os poderes políticos do Estado central (as Cortes Xerais, que compoñen o Congreso dos Deputados e o Senado, e o Goberno nacional) son unha manifestación da soberanía nacional, que segundo a Constitución reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado. En contraste, os poderes políticos de Galicia, que se exercen a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente, son a manifestación da autonomía da nosa Comunidade. Pero en ambos os casos existe un poder executivo e un poder lexislativo, que, como imos ver, nacen, en derradeira instancia, do voto popular.





O poder executivo exerceo na nosa Comunidade o presidente da Xunta de Galicia e mais o Goberno que el mesmo nomea. A figura do presidente ten unha grande importancia política e institucional, pois é el quen dirixe e coordina a acción da Xunta, quen representa simbólicamente á Comunidade Autónoma e quen representa con carácter ordinario ó Estado central no territorio de Galicia. A elección do presidente correspóndelle o Parlamento galego, como acontece en todos os sistemas de natureza parlamentaria, nos que o poder executivo non é elixido directamente polo pobo (como sucede co presidente nos Estados Unidos ou nas Repúblicas latinoamericanas), senón indirectamente pola asemblea que o pobo mesmo elixe. Mais, como resulta fácil de entender, esa elección indirecta non lle resta lexitimidade democrática ó presidente, pois, segundo agora veredes, aquel procede sempre da maioría parlamentaria.


**D**espois da celebración das eleccións autonómicas, o que normalmente ten lugar cada catro anos, a presidencia do Parlamento de Galicia consulta cos líderes dos partidos que competiron nos comicios (que é outro xeito de lles chamar ás eleccións) e, tras as consultas, propón como candidato a presidente da Xunta de Galicia á persoa que lidera o partido que, segundo a presidenta ou o presidente da Cámara, pode obter o apoio do Parlamento autonómico e, polo tanto, formar goberno con máis facilidade. É ese candidato o que debe acudir á Cámara galega para, despois dun discurso no que explica o seu programa e do debate sobre esa proposta de goberno, solicitar a confianza parlamentaria,

é dicir, o apoio da Cámara. Para obtelo, o candidato a presidente da Xunta precisa contar coa maioría absoluta dos votos dos deputados nunha primeira votación: trátase de 38 votos, pois o Parlamento componse de 75 deputados. Que sucede se non acada ese resultado?

Imos alá.



Se o candidato a presidente da Xunta non acada esa maioría de 38 deputados a favor, ten que celebrarse unha segunda votación, na que lle abonda con obter a maioría simple, ou o que é mesmo, máis votos a favor que en contra. E se tampouco acada o candidato a maioría simple nesa segunda votación, cómo se revolve o problema que se lle presenta ó Parlamento? Pois resólvese mediante sucesivas propostas de candidatos á presidencia da Xunta formuladas pola presidencia do Parlamento, propostas que se votarán do mesmo xeito que a inicial: maioría absoluta en primeira rolda e, se non, maioría simple na segunda. Nesas propostas, unha ou varias, feitas sempre pola devandita presidencia, esta ten só unha limitación: que, se transcorridos dous meses desde a primeira votación de investidura (que é como se chama) non tivese o Parlamento elixido presidente da Xunta, a Cámara disolverase e convocaranse novas eleccións.



A presidencia da Xunta de Galicia é un cargo moi importante, pois ademais do dito sobre o seu papel representativo como primeira autoridade autonómica de Galicia, ó presidente correspóndelle a designación das persoas que formarán, xunto con el, o Goberno autónomo galego, que, como xa sabedes, se chama Xunta de Galicia. O noso Estatuto de Autonomía define a Xunta como o órgano colexiado de goberno de Galicia e determina que estará composta polo presidente, un ou máis vicepresidentes e polos conselleiros. Tanto o vicepresidente ou os vicepresidentes como os conselleiros serán nomeados, seguindo exclusivamente o seu criterio, polo presidente da Xunta, que poderá tamén, con plena liberdade, cesalos e substituílos por outros durante o período de catro anos que dura o seu mandato. Esa é, xunto coas xa mencionadas previamente, unha das facultades máis relevantes da presidencia da Xunta.



**M**ais non só os membros da Xunta poden ser cesados polo seu presidente, no caso de que aquel o decida libremente dese xeito, senón que tamén o propio presidente pode selo, á súa vez, polo Parlamento de Galicia que o elixiu. É ese un dos principios esenciais do parlamentarismo: o de que o pobo que elixe ó Goberno por medio dos seus representantes no Parlamento, pode tamén obrigar o presidente do Goberno a deixar o seu cargo. O habitual é que tal cousa teña lugar por medio dunhas eleccións, que é o que sucede cando o pobo entrega a maioría a un partido diferente do que viña gobernando, de xeito tal que na próxima investidura posterior ós comicios o Parlamento elixirá un novo presidente da Xunta de Galicia. Pero o cambio na presidencia pódese producir tamén por medio da chamada moción de censura, como habedes de ver cando nos toque aquí falar dela.





# 12345678


## O Parlamento galego, garantía da autonomía e voz do pobo






## 4 O Parlamento galego, garantía da autonomía e voz do pobo

O actual Parlamento galego é, como outros tantos no planeta, o lexítimo herdeiro dunha longa tradición histórica –a dos Parlamentos liberais–, tradición que se remonta ós momentos finais do século XVIII en Europa e en América do Norte. Foi entón cando xurdiron, como consecuencia da Revolución de independencia americana (que comezou en 1775) e da Revolución francesa (que comezou en 1789), os primeiros Parlamentos liberais. Baseados no principio político da representación, os Parlamentos pretendían facer posible a idea da soberanía nacional. E é que, se o máximo poder residía no pobo, como podería o pobo exercelo senón elixindo a aqueles que haberían de gobernar no nome del? A representación foi a consecuencia directa e inevitable da soberanía nacional, e os Parlamentos o único xeito de darlle efectiva realidade.



**M**ais os primeiros Parlamentos, que eran representativos, porque tal resultaba a súa natureza, non foron, non obstante, democráticos por unha moi sinxela razón: porque o dereito de sufraxio activo e pasivo –é dicir, o dereito a votar nas eleccións e a concorrer a elas como candidato electoral– estaba restrinxido por razóns económicas, sociais ou culturais. Deste xeito, namentres non tiveron dereito de sufraxio máis que algunhas capas privilexiadas da sociedade, non se puido falar de verdadeira democracia nin de Parlamentos democráticos. Só coa progresiva extensión de dereito ó voto –que se lle concedeu a todos os varóns, dependendo dos países, entre remates do século XIX e principios do século XX, e a todas as mulleres ó longo da primeira metade deste– foi agromando a sociedade democrática e o parlamentarismo moderno, no que se insire o galego de hoxe en día.



**P**roclamada a soberanía do pobo, creados os Parlamentos que ían facela realidade e concedido o dereito de sufraxio á totalidade dos homes e mulleres maiores de idade, que pasaron a compoñer o corpo electoral, a democracia necesitou ademais perfeccionar os sistemas electorais que facían posibles dúas cousas: que os cidadáns expresasen as súas preferencias e que aquelas se transformasen dun xeito razoable en


representación popular. Os sistemas electorais son, deste xeito, o conxunto de regras que determinan que condicións deben reunir os cidadáns para votar, como se desenvolve a campaña electoral entre os partidos para que todos poidan competir en pé de igualdade, como se produce a votación e, finalmente, a través de que fórmulas se traducen os votos en escanos (en deputados) segundo os votos que obtivo cada partido ou candidato.



O noso Parlamento autonómico elíxese por sufraxio universal (de todos os galegos e galegas maiores de idade inscritos nunha listaxe chamada censo electoral), igual (todos os votos valen o mesmo), libre (ninguén pode ser obrigado a votar ou non votar ou a facelo por un ou por outro partido ou candidato), directo (os parlamentarios son elixidos polo pobo sen intermediarios de ningunha clase) e secreto (ningún elector pode ser obrigado a declarar o senso do seu voto). O Parlamento está composto por 75 membros, elixidos por un período de catro anos e a través dun chamado sistema de representación proporcional. Que que é tal cousa? Non vos asustedes: é un sistema de traducir votos en escanos que garante que á porcentaxe de votos de cada partido lle corresponderá unha porcentaxe similar de representantes populares.




## 4 O Parlamento galego, garantía da autonomía e voz do pobo



**S**on esas características as que permiten afirmar, máis alá de toda retórica, que o Parlamento autonómico é a voz do pobo galego. Non a única, pois o pobo galego está tamén representado nas Cortes Xerais, mais si a encargada de facer efectiva, a carón da Xunta, a autonomía de Galicia. Por tal razón confírelle o noso Estatuto ó Parlamento funcións fundamentais para a vida política autonómica: o exercicio da potestade lexislativa, que non é outra que a consistente en aprobar leis de Galicia, dentro do eido de competencias que ten asignadas a nosa Comunidade; o control da Xunta de Galicia, vixiando que o Goberno galego exerza doadamente as súas importantísimas funcións; a elección do presidente da Xunta, da que xa falamos hai un pouco; e a presentación da moción de censura dirixida a substituílo, cando a xuízo da maioría da Cámara existan motivos que xustifiquen tal substitución.

**A** natureza democrática do Parlamento de Galicia, elixido por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto dos galegos e galegas, fai del, como acabamos de explicar, a voz do pobo. Mais o Parlamento galego é tamén un garante moi cualificado da nosa autonomía: en primeiro lugar, porque o Parlamento autonómico é o encargado de traducir lexislativamente as competencias que Galicia asumiu no seu Estatuto e aquelas outras que lle foron transferidas con posterioridade polo Estado central; en segundo lugar, porque o Parlamento é o encargado, e polo tanto o responsable, da elección do presidente da Xunta, que nomea ó Goberno galego e constitúe, por tal motivo, unha das pezas básicas do noso sistema institucional autonómico; e, en terceiro lugar, porque o Parlamento pode acudir ó Tribunal Constitucional cando entende que foi deturpada algunha das competencias propias de Galicia.





12345678

Radiografía  
da nosa  
Cámara  
autonómica






Como ben sabedes, unha radiografía é unha especie de foto do interior do noso corpo que lles permite ós médicos saberen se nel todo marcha como debe. Ó Parlamento galego tamén se lle pode facer, en senso figurado, unha radiografía para coñecermos polo miúdo cómo funciona, é dicir, como se organiza e se move internamente o mecanismo parlamentario que tanta importancia ten na vida política autonómica galega. E é que o Parlamento se presenta como un órgano complexo, aínda que normalmente na televisión só vemos del o pleno que forman o conxunto dos deputados e deputadas elixidos polo corpo electoral. De feito, para ser precisos deberíamos falar dos parlamentarios individuais e dos grupos nos que aqueles se inclúen, dos órganos de goberno da Cámara, do pleno e das comisións parlamentarias e dos seus servizos técnicos. Que vos parece? Imos alá? Pois alá imos.



O Parlamento galego non é, ó cabo, máis que o órgano autonómico no que se reúnen os nosos parlamentarios autonómicos para debateren e adoptaren as decisións que lle competen. Por iso, e seguindo a regra de ouro de que o lóxico é sempre comezar polo principio, a radiografía prometida debe subliñar en primeiro lugar o decisivo papel dos parlamentarios individuais, que son os suxeitos que soportan nas súas costas todo o edificio do parlamentarismo. Entre os seus dereitos están os de falar e votar no Parlamento e entre as súas obrigas as de asistir ás sesións e respectar a orde, a cortesía e a disciplina parlamentaria. Ademais, os deputados reciben unha remuneración polo traballo que realizan e están protexidos na súa actividade pola inviolabilidade parlamentaria, que impide que poidan ser acusados e xulgados polos votos ou polas opinións que manifesten no interior do Parlamento.




Os parlamentarios individuais forman en conxunto o pleno do Parlamento de Galicia, que, como xa dixemos, se compón na actualidade dun total de 75 membros. O pleno é o máximo órgano decisorio da Cámara, pois a el correspóndenlle, entre outras importantísimas funcións, a aprobación das leis e a elección do presidente da Xunta de Galicia. Mais o Parlamento non só funciona en pleno, senón tamén en comisións, que, establecidas por materias (agricultura, pesca, comercio, sanidade, industria, cultura ou educación) son agrupacións de deputados que teñen como misión fundamental preparar o traballo legislativo que desenvolve o Parlamento. Deste xeito, a colaboración entre o pleno e as súas comisións resulta fundamental para que as normas propostas por quen ten esa facultade cheguen a debaterse, votarse e, de ser o caso, aprobarse pola maioría simple dos parlamentarios.





**S**exa no pleno ou nas referidas comisións parlamentarias, os deputados autonómicos galegos non actúan, de todos os xeitos, pola súa propia conta e sen seguir máis disciplina de voto e actuación que o seu propio criterio. E iso porque no Parlamento galego, de xeito paralelo ó que acontece na práctica totalidade dos Parlamentos democráticos, os deputados agrúpanse por afinidades político-ideolóxicas no que se chaman grupos parlamentarios. O habitual, e salvo no caso de deputados independentes ou que pertencen a partidos que obteñen moi poucos escanos, é que os de cada un dos partidos que teñen representación na Cámara formen o seu propio grupo parlamentario. Son de feito, eses grupos, os que deciden en conxunto a posición que cada un manterá nos órganos da Cámara nos que interveñen (debatendo e votando) os parlamentarios individuais, que quedan así, de feito, suxeitos á disciplina deses grupos.

Xunto co pleno e as comisións, a radiografía do noso Parlamento autonómico complétase cos chamados órganos de dirección da Cámara. En primeiro lugar, a presidencia que, elixida polo pleno do Parlamento galego, exerce a representación da Cámara, asegura a boa marcha dos seus traballos, dirixe os debates e mantén a orde neles. O presidente do Parlamento conforma, xunto cos vicepresidentes e o secretario e vicesecretario, a Mesa da Cámara, que é o seu órgano rector. Correspóndelle á Mesa, entre outras importantes funcións, a de interpretar o regulamento do Parlamento, que é a norma que fixa as regras de funcionamento da Cámara. Por último, a Xunta de Portavoces, que está composta polos portavoces de cada un dos grupos parlamentarios constituídos no Parlamento, contribúe tamén co seu traballo a que o noso Parlamento autonómico poida cumprir adecuadamente as súas funcións.



Agora ben, en tanto que órgano de representación política do pobo, o Parlamento galego ten tamén atribuída a importante facultade de elixir os titulares dalgúns órganos de especial relevancia institucional para a vida da nosa Comunidade e os chamados senadores autonómicos. En canto ós primeiros, cómpre destacar, por unha banda, o Valedor do Pobo, alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos que figuran no título I da nosa Constitución e dos emanados do noso Estatuto de autonomía, valedor que será elixido polo voto das tres quintas partes dos membros da Cámara; e, por outra banda, o Consello de Contas, órgano de fiscalización das contas e da xestión económica do sector público galego, cuxos cinco membros serán designados polo Parlamento, tamén por maioría de tres quintos. En canto ós senadores autonómicos, a Cámara galega ten a competencia para elixir os tres que lle corresponden a Galicia, e que se engaden ós 16 elixidos directamente nas catro provincias do país.





12345678

# A máquina legislativa do Parlamento de Galicia





**X**a vistes previamente, en varias ocasións, que o Parlamento galego, tal que todos os demais, desenvolve principalmente dúas funcións: a lexislativa e a de control do Goberno e da Administración. Pois ben: diso toca falar seguidamente e, para facelo, cómpre precisar que é iso das leis con máis detalle. A definición habitual di que unha lei é unha norma de carácter xeral, aprobada por un Parlamento e dirixida a regular unha actividade que desenvolve a sociedade. Tal definición permite constatar con exactitude as tres principais características das leis: case sempre teñen un destinatario xeral e indeterminado e non un concreto e específico; son aprobadas sempre por un Parlamento representativo; e, por último, teñen por obxecto regular unha actividade para sometela ás súas normas coa intención de garantir o benestar de todos e o respecto ós intereses xerais da nosa sociedade.



**Q**ue unha materia –sexa a que sexa– se regule por lei supón unha garantía para todos, o que ten que ver cos tres elementos que definen o proceso legislativo que se desenvolve en calquera Parlamento. É, en primeiro lugar, un proceso democrático, pois os que participan nel (propoñendo, debatendo e votando) son os lexítimos representantes do pobo, elixidos por el en comicios periódicos e por sufraxio universal. E, ademais, por isto mesmo, un proceso politicamente plural, no que, sobre a iniciativa obxecto de lexislación poden expresarse diferentes opinións, que teñen, ademais, como ides ver deseguido, a posibilidade de emendar a proposta legislativa de que se trate en cada caso. E é, por último, un proceso público, pois aínda que por razóns de seguridade no Parlamento non é posible entrar sen un permiso especial, nos debates legislativos están presentes os medios de comunicación social, que informan logo á opinión pública. Por se todo elo fora pouco, os cidadáns poden, de por si, obter máis información na páxina web do Parlamento: [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es).



## 6 A máquina legislativa do Parlamento de Galicia

O proceso  
legislativo  
–é dicir, o  
destinado á discusión e  
aprobação parlamentaria  
dunha lei– seméllase un  
pouco ó de fabricación de  
calquera outro produto,  
pois nel interveñen  
diferentes persoas  
que teñen a misión  
de irlle dando  
forma ata que está

xa preparado para que o vexa o público. Por iso fálase en  
ocasións, aínda que se faga nun senso figurado, da maquinaria  
legislativa do Parlamento. O proceso iníciase coa presentación  
dun proxecto ou proposición de lei por parte dos suxeitos que  
legalmente poden facelo. Se o texto o presenta o Goberno (a  
Xunta de Galicia) chamáselle proxecto de lei; e se o presentan os  
outros suxeitos lexitimados para isto (un deputado coa sinatura  
doutros catro, un grupo parlamentario coa sinatura do seu  
voceiro, ou os cidadáns a través da chamada iniciativa legislativa  
popular) chamáselle proposición de lei. Uns ou outros, unha vez  
presentados, terán que publicarse, para coñecemento de toda a  
Cámara, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.





**É**ntón cando a «máquina legislativa» se pon a funcionar a pleno rendemento. Xa publicado, o texto presentado tramítase do mesmo xeito sexa un proxecto ou una proposición de lei, aínda que cunha importante diferenza: se se trata dunha proposición, débese someter á chamada votación de toma en consideración, para comprobar se hai na Cámara unha maioría disposta a impulsalo e aprobalo. Non facelo deste xeito sería traballar en balde. Pola contra, se se trata dun proxecto de lei presuponse que o Goberno que o impulsa conta cunha maioría estable e, polo tanto, a toma en consideración resulta innecesaria. Sexa como for, o texto, unha vez presentado pola Xunta ou tomado en consideración pola Cámara, pasa á chamada fase de emendas, que son as propostas que fan os grupos parlamentarios para propoñer outro texto diferente ó presentado ou para engadirlle algo, cambiar algo nel, ou suprimir algunha das súas previsións.

**X**a emendado, o texto vai a unha das comisións das que falamos antes, que ten que ser a que lle corresponda por mor da materia á que se refira o proxecto ou a proposición de lei. Alí débátese e vótanse as emendas presentadas, co cal o texto está xa preparado para a hora da verdade, que é a da súa discusión e votación no pleno do Parlamento. No debate, dirixido polo presidente segundo as normas fixadas no regulamento parlamentario ó que xa nos referimos, interveñen os representantes nomeados para o caso por cada un dos grupos parlamentarios da Cámara. O debate permite expresar as diferentes opinións ó respecto e, ademais, dada a presenza de medios de comunicación, permite tamén que tales opinións sexan coñecidas por todos os galegos. O debate remata coa votación para a aprobación da cal se precisa que voten a favor do texto máis deputados dos que votan en contra. Despois, publícase no Diario Oficial de Galicia e aí temos xa, servida, unha lei máis.



**E**sta lei, xa publicada oficialmente para que quede pública constancia do seu texto, ó igual que todas as que aproban os restantes Parlamentos autonómicos –unha morea delas, porque en España existen dezasete Cámaras de tal natureza–, debe respectar o que establece a nosa Constitución e mais o noso Estatuto. Se non for dese xeito, nin unha nin outro servirían, ó cabo, para ren. E é precisamente para comprobar que se cumpriu tan importante condición para o que existe en España un órgano, o Tribunal Constitucional, que ten a función de controlar, entre outras cousas, que as leis autonómicas cumpren a Constitución e o Estatuto de Autonomía respectivo. O control da constitucionalidade e a estatutariedade das leis autonómicas é, por iso, unha peza básica dun Estado de dereito, é dicir, dun Estado no que tanto os cidadáns como os poderes públicos deben cumprir a Constitución e mais as leis.






12345678

# O Parlamento galego e o control democrático da Xunta de Galicia






**N**on é o de constitucionalidade o único control que existe nun Estado democrático. De feito, e como xa vistes hai un anaco, os Parlamentos teñen, xunto coa función legislativa, outra de moita importancia: a de controlar o Goberno e a Administración dirixida por el. Por que debe existir tal control? Pois porque o Goberno, por moi representativo que sexa, en realidade representa sempre unha parte da sociedade: a que votou polo partido ou os partidos que o apoian. Fronte a esa representación parcial, o Parlamento representa ó conxunto da sociedade, ó sentarse nel todos os partidos que teñen forza bastante para obteren representación parlamentaria. A sociedade ten, deste xeito, o dereito de dicirlle ó Goberno se, ó seu xuízo, está cumprindo a súa misión ou se, pola contra, non o está a facer ben. E ten o dereito de obter informacións que só o Goberno posúe para transmitirllelas ós cidadáns e contribuír deste xeito á formación dunha opinión pública libre e informada.





**E**n realidade, a estreita relación entre a Xunta e o Parlamento galego comeza xa co acto mesmo de nacemento da primeira, cando a Cámara galega elixe, a través da votación de investidura, ó presidente da Xunta. Nesa votación de investidura configúrase o que se chama unha maioría parlamentar-gobernamental. Aínda que a palabra é moi longa, a idea que con ela se expresa é doada de explicar: no momento en que 38 ou máis deputados (nunha primeira volta) ou unha maioría simple de máis deputados a favor que en contra (nunha segunda volta) elixen o presidente da Xunta, eses mesmos deputados expresan publicamente o compromiso de que apoiarán o presidente elixido para que governe e saque adiante o seu programa. A promesa, como outras que se fan na vida, ten, non obstante, marcha atrás, cando, pola razón que sexa, eses mesmos deputados –ou unha parte deles– deciden retirarlle ó presidente a confianza que previamente lle outogaran. Mais agora imos con iso.

A retirada da confianza previamente outorgada na investidura chámase moción de censura, e algo sabedes dela porque xa aquí se mencionou. A moción debe ser presentada cando menos por unha quinta parte dos deputados (é dicir, por 15 ou máis de 15) e debe conter o nome dun candidato alternativo á presidencia da Xunta, de xeito que, de aprobarse a moción, ese candidato substituirá no cargo a quen viña sendo presidente. Tras o seu debate no pleno do Parlamento, a moción triunfará se votan a favor dela 38 ou máis deputados da Cámara. Non obstante, pode suceder tamén que o presidente da Xunta, vendo perigar a maioría que o elixiu, tente reforzala presentando no pleno unha chamada cuestión de confianza, que lle serve para que todos os deputados se retraten (é un dicir) e declaren publicamente se están a favor ou en contra del. O presidente da Xunta gaña a cuestión se votan a favor dela máis deputados que en contra, pero se sucede do revés, ten que dimitir e o Parlamento debe entón investir un novo xefe do Goberno.



O control do Goberno polo Parlamento lévase a cabo tamén a través dos chamados instrumentos de control ordinario, que son as preguntas e as interpelacións.

As preguntas, que poden ser orais ou escritas e que os deputados e deputadas dirixen ben á Xunta no seu conxunto, ben a calquera dos seus membros, teñen por obxecto obter do Goberno a información que o Parlamento precisa para poder controlalo dun xeito correcto. Polo que se refire ás interpelacións, tamén poden ser dirixidas á Xunta ou ós seus membros, mais neste caso coa finalidade de chamar a atención sobre algún aspecto da súa xestión que ó xuízo do interpelante debera ser discutido no Parlamento galego. As interpelacións poden converterse en mocións, cando se propón que ó respecto delas a Cámara adopte algún acordo.

Ademais de todo o dito, pode o Parlamento solicitar a presenza nel de membros do Goberno, para que informen do que se entenda oportuno.



**D**e todos os xeitos, e aínda que xa sabedes moitas cousas sobre o control do Goberno e da Administración, a cousa quedaría algo coxa se non tivédeses en conta que ese control, ademais de político –que é o que leva a cabo o Parlamento– pode ser tamén, nalgúns casos, xudicial. Esa diferenza de controis ten que ver co feito de que unha parte das decisións da Xunta son decisións políticas que non están suxeitas a control xurídico: por exemplo, a de investir máis en educación que en sanidade ou facelo do revés. Pero hai tamén decisións da Xunta de natureza regrada, é dicir, que o Goberno debe adoptar respectando de xeito estrito as normas xurídicas: por exemplo a decisión de outorgar unha grande obra a unha ou outra empresa construtora. Neste caso o control último da decisión correspóndelles ós xuíces, pois teñen que ser eles os que, como poder independente dos outros, controlen se o Goberno cumpriu ou non a legalidade.



**M**aís aínda non rematamos este capítulo! Falta referírmonos a unha terceira forma de control sobre os Gobiernos democráticos, entre os que se atopa, como xa sabedes, a Xunta de Galicia. Pois máis alá do control político-parlamentario e do control xurídico-xudicial –que de cando en vez se mesturan cunha determinada acción do poder executivo– os Gobiernos están tamén controlados nas sociedades democráticas polos medios de comunicación social (xornais e revistas, radios e televisións), que investigan a acción de todos os poderes públicos co obxecto de informaren dela ós seus lectores, oíntes ou telespectadores. Tal control resulta dunha importancia decisiva, pois a última palabra sobre a actuación do Parlamento e do Goberno tena sempre a cidadanía, que nas eleccións lle renova, por medio dos seus votos, a confianza a quen, ó seu xuízo, a merece; e retírala a quen cre que non a mereceu. Para os electores poderen facer tal cousa teñen que estar informados e, para o estaren, o traballo dos medios de comunicación resulta imprescindible.





12345678

Para rematar:  
a democracia  
a autonomía  
a ciudadanía








**T**alvez a definición máis clásica e tamén máis coñecida da democracia sexa a de Abraham Lincoln, o décimo sexto presidente dos Estados Unidos, que viviu entre 1809 e 1865 e pasou á historia por abolir no seu país a escravitude: segundo proclamou solemnemente no seu famoso Discurso de Gettysburg, en 1863, a democracia é «o goberno do pobo, polo pobo e para o pobo». A definición non pode considerarse nin esaxerada nin retórica. A democracia é o goberno do pobo porque alicerza no principio de que a soberanía (o máximo poder do Estado) reside no pobo, quen a exerce a través dos seus representantes. A democracia é tamén o goberno polo pobo, porque aínda que o pobo non pode gobernar directamente – como facelo en sociedades onde viven millóns de cidadáns?– si o fai elixindo os seus gobernantes, ben directamente (como nos Estados Unidos) ou ben indirectamente, a través do Parlamento, como se fai nas democracias parlamentarias europeas, e, entre elas, na española ou na galega.




**P**ero a democracia é tamén o goberno para o pobo, porque toda a complexa arquitectura do Estado democrático, e de xeito moi especial os seus dous grandes piares (a separación dos poderes legislativo, executivo e xudicial e máis a garantía dos dereitos), non perseguen outra finalidade que a de asegurar, na medida en que tal cousa resulta posible, un bo goberno que estea pendente das necesidades do conxunto da sociedade. Xa a nosa primeira

Constitución, a promulgada en Cádiz o día 19 de marzo de 1812 (que por selo o día de san Xosé foi coñecida popularmente como «A Pepa»), dispoñía nun dos seus primeiros artigos que «o obxecto do Goberno é a felicidade da nación, posto que o fin de toda sociedade política non é outro que o benestar dos individuos que a compoñen». De feito, o proceso democrático dispónse en boa medida para permitir que todos nos procuremos ese benestar.

Certamente, as cidadáns e os cidadáns dispoñemos do dereito de voto como un poder individual co que premiar a quen, ó noso xuízo, fixo –desde o Parlamento ou desde o Goberno, sexan os do Estado central ou os autonómicos de Galicia– cousas beneficiosas para a sociedade ou castigar a quen, ó noso xuízo, non as fixo. Non é preciso explicar que eses xuízos individuais poden ser, e sono de feito, moi diferentes, pois nas sociedades pluralistas sucede que o que está ben para uns está mal para outros e viceversa. Por iso, o único xeito de decidir que é o que lle convén á sociedade é facelo por medios democráticos, a través do principio das maiorías, aínda que respectando sempre os dereitos das minorías, sexan da clase que sexan. Ambos os principios son esenciais para garantir a convivencia pacífica e democrática de sociedades plurais.



A existencia do dereito á autonomía das nacionalidades e rexións, tal e como quedou configurado na nosa Constitución, é tamén outra forma de profundar a democracia e a liberdade. Ese dereito á autonomía, que deu lugar ó noso Estado autonómico e á creación do Parlamento galego e da Xunta de Galicia, permite un achegamento entre o Goberno e os gobernados que tende a facilitar que os primeiros se preocupen máis de preto polos problemas e das necesidades dos segundos. Ó mesmo tempo, e de igual xeito que acontece en todos os sistemas de natureza federal, o reparto territorial do poder que implica a autonomía supón un elemento básico de equilibrio de poderes, pois, como xa descubriu o francés Montesquieu, no século XVIII, do que se trata coa división de poderes é de que o poder free o poder, sexan estes poderes políticos ou territoriais.



**M**ais nin a democracia nin a autonomía terían pleno senso se non existise unha sociedade activa, consciente dos seus dereitos e permanentemente disposta a exercelos. As sociedades democráticas son, de feito, o conxunto resultante de combinar un tipo de institucións e unhas formas de comportamentos e de actitudes por parte dos cidadáns e das organizacións nas que se inclúen. Destacan, entre elas, sen dúbida, os partidos políticos, que protagonizan dun xeito sobranceiro todo o proceso democrático: son os partidos os que concorren cos seus candidatos ás eleccións, os que vertebran a vida das institucións representativas (concellos, Parlamentos autonómicos e Cortes Xerais) e os que determinan a elección do poder executivo, cuxa actividade impulsan e sosteñen. Agora ben, á parte dos partidos, debe salientarse tamén a importancia dos sindicatos de traballadores e das organizacións empresarias, que determinan o bo funcionamento das relacións produtivas e do mundo económico e social.



**X**a para rematar, non debes esquecer que un cidadán, soporte último de toda sociedade libre, non se fai da noite para a mañá. O cidadán non xorde de súpeto, o día que cada moza e cada mozo cumpre os 18 anos e adquire a maioría de idade. Os cidadáns fanse pouco a pouco, na escola, nas relacións familiares e no grupo de amigos. Os cidadáns fanse lendo, escoitando e participando coa opinión que cada un se vai formando dos asuntos que o concirnen. Este pequeno libro, que vos permitirá recordar a visita ó noso Parlamento autonómico,

a un Parlamento que é a casa de todos os galegos, non pretende ser máis que unha guía para favorecer o voso proceso persoal de maduración como cidadáns. Tedes agora toda unha vida por diante e todo un mundo de cousas

que coñecer e gozar, pero habedes ser conscientes de que o acceso a moitas delas dependerá da vosa responsabilidade como cidadáns dunha sociedade libre, que é o mellor agasallo público que recibistes no momento mesmo de nacer.

